

A formación de lectores na escola, o obxectivo das Xornadas de Literatura e Ensino

Publicado por [Redacción](#)

tamaño de fonte

[Engadir comentario](#)

II Xornadas de Literatura e Ensino
Escribir e ler na escola de hoxe para a cidadanía de mañá

MUPEGA • Rúa San Lázaro, 107 • Santiago de Compostela
9-10 de novembro de 2012

VENRES 9 DE NOVEMBRO	SABADO 10 DE NOVEMBRO
<ul style="list-style-type: none">10:30h CONFERENCIA Rui Torres: Literatura digital e ensino creativo: a escrita como ferramenta de releitura crítica da tradición17:30h MESA REDONDA: Eu son do Club de Lectura, e ti? Joseph Ghanime Lopes Concha Costas Miguel Ríos María José Díaz Pinheiro19:00h ESPECTÁCULO POÉTICO: Con dez poemas por barba, de María Lado e Lucía Aldao	<ul style="list-style-type: none">10:00h CONFERENCIA Agustín Fernández Paz: Literatura infanto-xuvenil: unha clave literaria con función competencial normalizadora?11:00h CONFERENCIA Ramón Nicolás: Celso Emilio Ferreiro no seu centenario: voz dun tempo e dunha terra12:15h MESA REDONDA: Xoga a literatura infanto-xuvenil na 1ª ou na 2ª división? Francisco Castro Fina Casalderrey María Reimóndez16:30h MESA REDONDA: Coloca as túas mans sobre a poesía Leticia Costas Ángel Núñez Ramos Dores Tembrás18:00h ESPECTÁCULO POÉTICO: A hostia en verso, con Lucía Aldao, Daniel Landesa, Lorena Souto, Xabier Xil Xardón, Leticia Costas e o músico Mig Seoane

PROGRAMA

Entrada de balde

asociación de escritores en lingua galega

CEDRO

Logo of MUPEGA and other sponsors.

Illustration of a boy and a girl with books and a plant.

O venres 9 e sábado 10 de novembro, no Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), (R/ de San Lázaro, 107) de Santiago de Compostela, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, co patrocinio de CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos), organiza as II Xornadas de Literatura e Ensino, este ano baixo o lema Escribir e ler na escola de hoxe para a cidadanía de mañá.

Rui Torres abrirá a conferencia inaugural das xornadas coa ponencia Literatura digital e ensino creativo: a escrita como ferramenta de releitura crítica da tradición. De seguido haberá unha mesa redonda titulada Eu son do Club de Lectura, e ti?, que contará coa participación de Joseph Ghanime Lopes, Concha Costas, Miguel Ríos e María José Díaz Pinheiro. Para rematar coas actividades deste primeiro día María Lado e Lucía Aldao ofrecerán o espectáculo poético Con dez poemas por barba.

A xornada sabatina principiará coa conferencia de Agustín Fernández Paz titulada Literatura infanto-xuvenil: unha clave literaria con función competencial normalizadora?. De seguido o profesor Ramón Nicolás falará sobre Celso Emilio Ferreiro no seu centenario: voz dun tempo e dunha terra. Francisco Castro, Fina Casalderrey e

María Reimóndez pecharán as sesións da mañá coa mesa redonda Xoga a literatura infanto-xuvenil na 1ª ou na 2ª división?.

A quenda da tarde comezará cunha nova mesa redonda, desta volta a propósito do tema, Coloca as túas mans sobre a poesía, que contará coas intervencións de Leticia Costas, Ángel Núñez Ramos e Dores Tembrás.

Como despedida destas II Xornadas, Lucía Aldao, Daniel Landesa, Lorena Souto, Xabier Xil Xardón, Leticia Costas e o músico Mig Seoane ofrecerán o espectáculo poético musical A hostia en verso.

A asistencia a estas xornadas son de balde.